

Luns, Febreiro 20, 2023

Recentes: A Deputación da Coruña homenaxea a



CULTURA

GASTRONOMÍA

XENTE PINCHA

REVISTA EN PAPEL ▾

AXENDA ▾



GUÍA DE OCIO E COMPRAS

A gorida do artista Galicia

## María Meijide: ALLEGRO ANDANTE dunha sinfonía de cor

📅 2 Maio, 2019 👤 Rebeca Munín 🎨 arte, María Meijide, pintura

*Por Os Catro Gatos*



María Meijide, no seu estudio. Foto: Delio Sánchez

María Meijide (Santiago de Compostela, 1978) recíbenos na súa fermosa vivenda do Toural de Compostela. Subir as escaleiras cara ao seu taller transmite vibracións positivas que remiten a un lugar cheo de vivencias e

### Oido artesanía



Compostela Cultura

Oído, artesanía!

Paula Ojea: “Para min é moi importante que cando alguén vexa unha peza nun restaurante saiba que é miña”

📅 1 Febreiro, 2023 👤 Rebeca Munín 💬 0

Paula Ojea combina dúas das súas paixóns, a enxeñería e a cerámica, no seu proxecto OJEA STUDIO. Desde o seu



Fernando Porto: “Facemos pezas cun marcado carácter mariño e atlántico que se

carácter mariño e atlántico que se

experiencias pictóricas.

Impón respecto saber que estás fronte a unha muller que transmite paixón e para que o seu oficio de pintar é como respirar, parte natural da vida.

Convídanos a pasar cun espléndido sorriso para que compartamos por un intre o seu espazo de vida e traballo, a súa gorida.

Empezou estudando Filosofía , que máis tarde compaxinou coa carreira de Belas Artes, en Pontevedra e que rematou en Sevilla debido a que a forma de ensino nesa Facultade era máis acorde coas súas inquietudes artísticas e coa súa maneira de entender a pintura.

María Meijide é, desde hai tempo, unha muller consolidada e recoñecida dentro do mundo das artes. O seu curriculum é tan extenso que é difícil reduci-lo a unhas poucas liñas. Destacar que obtivo premios tan importantes como a *Bolsa Tallens*, Premio adquisición nos XI e XIV *Certames de Artes Isaac Díaz Pardo*, e varios premios en concursos de gran prestixio nacionais e internacionais.



Detalle da gorida de Meijide. Foto: Delio Sánchez

### “Viaxar, observar, rexistrar o que vexo e pintalo”

Transcorre a conversación e ímonos empapando da súa naturalidade e vitalidade. Fálanos a súa maneira de entender a pintura inherente á vida, que pintar é un exercicio hedonista porque senón non valería a pena poñerse diante dun lenzo. Interésalle o pulso que se establece entre o que sabe, o que ve e o que interpreta na súa pintura, o ritmo da percepción.

Traballa do natural e ás veces con modelos que adoitan posar para ela. Sempre

aprecia nas cores e nas formas”

📅 1 Decembro, 2022 🗨️ 0



Maialen Arranz, de Branqueta Studio: “A estética é

vital, pero o noso fundamento é a utilidade das pezas que creamos”

📅 3 Outubro, 2022 🗨️ 0



Queca Ares, de Arteviaras: “A xente pensa que o

vidro é un material fráxil e descoñece todas as súas posibilidades”

📅 1 Agosto, 2022 🗨️ 0

## GUÍA DE OCIO E COMPRAS

Onde comer, durmir, tomar algo e mercar

Pola gorxa



Galicia Gastronomía

Pola gorxa

Turrón e outros doces de Nadal

📅 1 Decembro, 2022 👤 Pincha

sentiu a necesidade de rodearse do que pinta, telo preto para levar a cabo a súa obra. María Meijide pinta en directo e non en playback.

Posúe amplos coñecementos de debuxo e pintura, pero a súa obra non é técnica. Ela establece un diálogo co lenzo, busca unha resposta do seu interlocutor ata atopala. E así nacen as súas pinturas que respiran e latexan. A súa obra é produto do coñecemento, da investigación e da consecución dos seus retos pictóricos.

Na súa obra figuran tamén os seus cadernos de viaxe, que comezaron co proxecto Cacheiras-Dakar, resultado dunha viaxe a Senegal en 2003 e tiveron continuidade noutros moitos, entre os que destacamos *De Kuala Lumpur a Beijingen 2016*, *De Ushuaia á Quiacaou De San Simón a San Antón*, ambos en 2018.

A paleta de María Meijide vai cambiando a medida que viaxa por países como Arxentina, México, Bolivia... rexistrando a cor do que lle rodea e do que ve.

Esta muller artista, viaxeira impenitente, vive e traballa na actualidade en Compostela.



Lúa Gándara e María Meijide con obras do proxecto Casa & Concepto. Foto: Delio Sánchez

### “Se te paras, perdes o equilibrio”

A súa próxima exposición inaugurarase o sábado 11 de maio en Tui e Valença do Minho. Trátase dunha exposición que ten como eixo un traballo de encarga para o Concello de Tui e a Cámara Municipal de Valença: a elaboración dun

0

Estamos en decembro e chega o mes dos excesos. Os doces de Nadal vólvense produtos habituais nas nosas mesas antes



Espaguetes ou spaghetti  
3 Outubro, 2022



Minestra de verduras  
1 Agosto, 2022



Luriñas  
1 Xuño, 2022

## AXENDA

### A Coruña

FEB  
1  
Mér

🗓️ Celebración Picasso 1973-2023 ([http://revistapincha.gal/event/celebracion-picasso-1973-2023/?instance\\_id=2044](http://revistapincha.gal/event/celebracion-picasso-1973-2023/?instance_id=2044))

🗓️ Xornadas Gastronómicas do Lacón ... ([http://revistapincha.gal/event/xornadas-gastronomicas-do-lacon-con-grelos-laconicas/?instance\\_id=2042](http://revistapincha.gal/event/xornadas-gastronomicas-do-lacon-con-grelos-laconicas/?instance_id=2042))



### Compostela

calendario con pintura do natural ambientado nestas dúas cidades galega e portuguesa, unidas polo río Miño. Mostrará tamén parte do proceso de edición, ferros de *offset*, probas de cor, etc. Haberá ademais pezas vinculadas á reprodución: serigrafías, traballo en serie.

*Casa & concepto* é outro proxecto actual no que está a traballar xunto coa artista Lúa Gándara, onde arte figurativa e abstracta dialogan en forma de packs. Trátase dun proxecto sobre o propio proceso, que atende á creación, exposición e venda ao público de arte contemporánea popular. Inclúe vídeos, fotos e publicidade en diferentes formatos no que o seu eixo é a pintura vitalista de ambas artistas.

A gorida de María Meijide é un espazo aberto que se pode visitar con cita previa. Está en Praza Toural, 9 – 3º. Deixámosvos o seu e-mail e recomendámosvos que non deixedes de desfrutalo: [soymariameijide@gmail.com](mailto:soymariameijide@gmail.com)



Obra con modelo. Foto: María Meijide

OUT  
**21**  
Ven

*all-day* Exposición 'De lugares e cousas...'  
([http://revistapincha.gal/event/exposicion-de-lugares-e-cousas-coleccion-de-arte-banco-sabadell/?instance\\_id=2015](http://revistapincha.gal/event/exposicion-de-lugares-e-cousas-coleccion-de-arte-banco-sabadell/?instance_id=2015))

FEB  
**23**  
Xov

**7:00 p.m.** Shakespeare en Roma  
([http://revistapincha.gal/event/shakespeare-en-roma/?instance\\_id=2058](http://revistapincha.gal/event/shakespeare-en-roma/?instance_id=2058))

**8:30 p.m.** Hamelin  
([http://revistapincha.gal/event/hamelin/?instance\\_id=2086](http://revistapincha.gal/event/hamelin/?instance_id=2086))

FEB  
**24**  
Ven

*all-day* Festival Rosalía  
([http://revistapincha.gal/event/festival-rosalia/?instance\\_id=2085](http://revistapincha.gal/event/festival-rosalia/?instance_id=2085))



← Música, doces e showcooking do chef Paco Roncero na Festa do Melindre os días 11 e 12 de maio

👍 Tamén che pode interesar [Crusat & Costas: Señor Cuco 2016](#) →



A Gorida de Zamo Tamay

📅 4 Marzo, 2019



Mad Martin Trío: “Gravamos Tornado con micros dos anos 60 e iso fai que soe moi ben, moi cálido”

📅 6 Novembro, 2017



Volta atrás: novas restricións para a hostalaría e espectáculos co público sentado

📅 28 Decembro, 2021 💬 0

### Subscripción

Como anunciarse

Contacto

Newsletter

### #SomosPINCHA

Quen somos

Política de privacidade

Somos unha revista sobre gastronomía e cultura. #somospincha

Copyright © 2023 [Revista Pincha](#). Todos os dereitos reservados.

Tema: [ColorMag](#) por [ThemeGrill](#). Funciona con [WordPress](#).

